




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ria do Barqueiro. Municipio: O Vicedo. Parroquia: Santo Estevo do Vicedo. Extensión: 0,97 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Zona afectada tectonicamente mediante fallas e basculamentos. Segundo a orientación da costa e do propio basculamento desenvólvense grandes acantilados convictos ou potentes paredes verticais de ata 150 m e teito tendente á horizontalidade. Estes teitos oriéntanse en pouca distancia cara ao interior. Os cumes das elevacións costeiras aparecen moi próximos aos citados acantilados pechando a unidade paisaxística que case configura unha península redondeada.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade pertence ao dominio herciniano, representado por un granito de dúas micas. No extremo oriental -Monte da Ventosa- e no occidental -Soloso-, ademais dalgúns pequenos enclaves internos, o substrato é precámbrico, e está composto por neises do dominio Olla de Sapo, en facies de megacrístais.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Seco en todo o tramo acantilado: a temperatura media anual sitúase por enriba dos 14°C e a precipitación acumulada ao longo do ano oscila entre 800 mm e 1000 mm. Amplitude térmica media duns 13°C.

OS SOLOS

Unidade de características edáficas bastante homoxéneas xa que está formada principalmente por solos esqueléticos do tipo regosol, asociados ás fortes pendentes e ás rochas ácidas que compoñen o seu substrato.

AS AUGAS

A costa acantilada de Vixía do Vicedo verte na masa Augas Costeiras 20169 e dadas as súas dimensións e morfoloxía carece de rede fluvial de importancia.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Toda a liña de costa da unidade está protexida polo LIC Costa da Mariña Occidental. Unidade acantilada, o hábitat máis importante é o 1230, Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas. A aparición de coídos de tamaño notable, especialmente na parte leste, suman o hábitat 1210, Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Toda a unidade presenta, nas vertentes baixas costeiras matogueira costeira, hábitats 4030 e 4040. Ademais, as valgadas modeladas nesas acantilados achegan o interesante hábitat 4020, Breixeiros húmidas atlánticas de zonas temperadas de Erica ciliaris e Erica tetralix.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Dominio hexemónico da cuberta vexetal cun predominio do uso forestal procedentes de masas de repoboación. Practicamente todo o teito desta unidade de acantilado está cuberta con especies dedicadas á silvicultura, eucalipto e en menor medida piñeiro. Nos tramos máis próximos ao acantilado e fundamentalmente no sector oriental, o estrato arbóreo deixa paso á matogueira propia dos sectores costeiros.

MORFOLOXÍA

Non existe rede de asentamentos, non obstante no extremo sudoeste da unidade localízanse un pequeno agrupamento de edificacións de carácter espontáneo cuxa localización responde ao contacto do acantilado coa Praia de Xilloi (unidade contigua ao oeste). Neste sector onde a pendente se modera, produciuse a limpeza, roza e acondicionamento do terreo, descontando ao uso forestal ao redor dunha hectárea de solo fronte ao mar que foi ocupado por unhas poucas edificacións illadas de carácter unifamiliar para un uso recreativo/turístico.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Soamente é posible facer mención a unha pista non asfaltada que parte do sector sudoccidental da unidade, coincidindo coas edificacións anteriormente descritas, e que alcanza a Punta das Laxes, onde un sendeiro peonil permite avanzar, non sen certo risco, ata a Punta do Embarcadoiro e Enseada de Cova do Pan. Moi posiblemente, esta pista conecte con algunha outra no interior da masa forestal para a explotación e manexo desta.


PATRIMONIO HISTÓRICO

As difíciles características do relevo da unidade -grande acantilado avanzado sobre a costa e culminacións montuosas- dificultaron historicamente o asentamento de poboacións. Isto explica, en boa medida, a ausencia de patrimonio cultural recoñecido. Non obstante, atopáronse restos dun asentamento celta catalogado como patrimonio arqueolóxico sobre o Monte Cacho cofecido como Castro Pando. Esta localización podería responder, precisamente, a un posto de vixía debido ao prominente da súa situación sobre a costa, o cal estaría en consonancia coa toponimia da unidade: Vixía do Vicedo.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade caracterízase, fundamentalmente, pola enerxía do relevo, que configura unha unidade de grande acantilado con paredes verticais de ata 150 metros de desnivel. No seu interior localízanse unha serie de promontorios -Monte Ventosa, Penafita, Monte Cacho, Vixia de Vicedo e Monte Solloso- que realzan, aínda máis se cabe, a potencia da unidade. En definitiva, trátase do sector de terra firme máis setentrional da costa lucense, á vez que o punto de inflexión entre a Ría de Viveiro ao leste e a Ría do Vicedo ao oeste. Esta posición destacada sobre a liña de costa favoreceu a acción da dinámica mariña sobre o perfil da unidade dando lugar a unha costa intensamente quebrada: Punta da Ventosa, Punta da Forcada, Punta Pena Rubia, Punta Penalleta, Punta do Suco, Punta Anchousa Alta, Enseada de Cova do Pan, Punta do Embarcadoiro, Punta Cameiro, As Laxes, Punta Corgo Escuro, Punta Chileiteira e Punta do Balseiro, sucesivamente de leste a oeste.

DINÁMICA DA PAISAXE




RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Os elementos primordiais que singularizan esta unidade son, por un lado, a posición xeográfica avanzada con respecto ao conxunto da costa lucense e, por outro, as características do seu relevo de grande acantilado. Son trazos semellantes aos recoñecidos en unidades máis orientais como Roncadoiro, Monte das Modias ou Monte Faro, que xa anunciaban un cambio na constitución do litoral lucense coa existencia das denominadas Rías Altas. A combinación daqueles argumentos avala a importancia desta unidade como verdadeiro fito paisaxístico da costa galega e como referencia evidente entre as Rías de Viveiro e de Vicedo, xa que esta peza actúa como vértice que une e separa ao mesmo tempo senllos ámbitos. Por todo iso esta unidade foi considerada como Espazo de Interese Paisaxístico xa que dende os seus impresionantes acantilados é posible obter amplas perspectivas da entrada a ambas as dúas rías, pero ademais pódese contemplar, apenas a un salto do cantil -escasos 500 metros, a lendaria Illa Coelleira á fronte, e cara ao poñente a fachada oriental da impresionante Estaca de Bares. Todo o contorno da unidade está incluído nas proteccións do LIC, ZEPA e ZEPVN da Costa da Mariña Occidental, segundo a Directiva Hábitat e Lei de espazos protexidos de Galicia respectivamente. Por último, sinalar que o concello do Vicedo clasificou como solo rústico protexido o conxunto do Monte Cacho onde se localiza o asentamento do Castro Pando e dende o cal se pode obter unha boa panorámica tal e como xa deduciron os poboadores do castro. Outra posibilidade para gozar das vistas que permite este sector acantilado é bordear a unidade a partir da pista que accede dende o sudoeste.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



